



## Confraría de Celeiro (Viveiro)

RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DE CELEIRO-LUGO, POLA QUE SE CONCEDE A RENOVACIÓN DOS PERMISOS DE EXPLOTACIÓN DE MARISQUEO A PÉ NA MODALIDADE DE MARISQUEO XERAL DA CONFRARÍA DE CELEIRO (VIVEIRO).

**Asunto:** permiso de explotación

**Procedemento:** renovación do permiso

### Antecedentes

1. Por Resolución do 20 de xuño de 2023 da Xefatura Territorial de Celeiro-Lugo abriuse o prazo para a presentación de solicitudes para a renovación dos permisos de explotación a pé modalidade de Marisqueo xeral no ámbito da Confraría de Celeiro (Viveiro).
2. Dentro do prazo establecido, as/os mariscadoras/es que se relacionan no Anexo I presentaron solicitudes para a renovación do permiso de explotación para o marisqueo a pé.

### Consideracións legais e técnicas

1. Esta xefatura territorial ten competencia para resolver este procedemento segundo o establecido na Lei 11/2008, de 3 decembro, de Pesca de Galicia modificada pola Lei 6/2009, do 11 de decembro, de modificación da Lei 11/2008, do 3 de decembro, de pesca de Galicia, no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira modificado e a Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, modificada polo Decreto 153/2019, do 21 de novembro, polo que se regula o réxime de conservación e explotación dos recursos marisqueiros e das algas.
2. Nas solicitudes formuladas apréciase a concorrencia dos requisitos necesarios para a renovación , establecidos na Orde do 15 de xullo de 2011, modificada polo Decreto 153/2019, do 21 de novembro.
3. As persoas ás que lles corresponde a renovación, xunto coa solicitude, achegaron a documentación sinalada na Orde anteriormente citada.
4. Unha vez estudados os expedientes e as solicitudes formuladas, compróbase o cumprimento dos requisitos establecidos para a renovación do permiso de explotación.

Vistos os antecedentes, as consideracións legais e técnicas, e de acordo co disposto na disposición transitoria primeira do Decreto 245/2009, do 30 de abril (DOG nº 84, do 1 de maio de 2009), polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia, e no Decreto 177/2016 (DOG nº 239, do 16 de





decembro de 2016), polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, esta xefatura territorial no exercicio das súas competencias,

## RESOLVE

**Conceder a renovación dos permisos** de explotación de marisqueo a pé na modalidade de **Marisqueo xeral** asociados á **Confraría de Celeiro (Viveiro)** que aparecen relacionados no Anexo I desta resolución e coa vixencia que nel se determina.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer no prazo dun (1) mes un recurso de alzada ante a conselleira do Mar contado a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución, de acordo co establecido nos artigos 121 e seguintes da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

Esta resolución notifícaselle ás/aos mariscadoras/es relacionadas no Anexo I consonte o artigo 40 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015).

A xefa territorial

María Carmen Gueimunde González





ANEXO I

Relación de mariscadores que renovaron o permiso de explotación a pé na modalidade de Marisqueo xeral na Confraría de Celeiro (Viveiro):

Solicitante	NIF/CIF	Permiso Tipo	Concesión Validez	SINATURA
PALMEIRO RAMIL JOSE MANUEL	***91617*	27C0600250Z9 Marisqueo xeral	29/08/2022 31/12/2024	

